

**ACTIVIDADES  
EDUCACIÓN PRIMARIA**

**AS PITAS BAIXO A CHOIVA**

**A CIDADE**

**1º**



**SEMINARIOS RICARDO CARVALHO CALERO  
LETRAS GALEGAS 2020**

O escritor Ricardo Carvalho Calero naceu na cidade de Ferrol o 30 de outubro de 1910.

Era o fillo maior de M.<sup>a</sup> Dolores e Gabriel Ricardo. Tivo cinco irmáns máis.

De pequeno estudou en Ferrol, nunha escola da rúa Magdalena, a rentes da súa casa, e nun colexio dirixido polo escritor Manuel Comellas. Ao acabar o bacharelato marchou á universidade de Compostela.

Escribiu en moitas revistas galegas e sempre defendendo o idioma e a cultura galega: *A Nosa Terra, Nós, Guión, Galiza, Resol, Universitarios...*


Tamén é autor de moitos libros de poemas, teatro, relatos... entre os que hai que salientar *A xente da Barreira* e *Scórpio*.

*As pitas baixo a choiva*, dirixido aos máis pequenos, cóntanos un feito que lle pasou a Ricardo cando era neno. Quería recoller as pitas que se estaban a mollar no patio. Ao final do relato estaban todos mollados como pitos: as pitas, el e toda a súa familia.


Foi profesor do instituto Rosalía de Castro de Santiago, e o primeiro catedrático de Lingua Galega da universidade.

Tamén foi membro da Real Academia Galega (RAG) e o seu discurso de ingreso foi sobre a poetisa galega Rosalía de Castro.

Este ano a RAG dedícalle o Día das Letras Galegas pola súa defensa do idioma galego e da súa cultura.




RICARDO CARVALHO CALERO



EN AS PITAS BAIXO A CHOIVA RICARDO CARVALHO NARRA UN FEITO DA SÚA INFANCIA: METER AS GALIÑAS NO GALIÑEIRO NUN DÍA DE CHOIVA.

4.- Imaxina a capa do libro de *As pitas baixo a choiva* e debúxaa.



5.- Que lembranzas de Ricardo Carvalho Calero? Colorea.

-Naceu en   .

-É fillo de  .

-Estudou en   .

-O seu libro

conta un feito que lle pasou a Ricardo cando era neno.


# ACTIVIDADES

## 1º EDUCACIÓN PRIMARIA

### ***AS PITAS BAIXO A CHOIVA***

Digades o que queirades, os galos non son agora tan fermosos como nos tempos da miña nenez. Os galos que hoxe vexo, son brancos, grises; as cristas, pequeneiras e moradas; as colas, como de galiña, curtas, raquílicas. Cando eu era un cativo, outros galos nos cantaban. Eran unhas aves ergueitas, lanzais, maxestosas.

**RICARDO CARVALHO CALERO**



# 1º EDUCACIÓN PRIMARIA

## AS PITAS BAIXO A CHIVA

1.- Le atentamente o texto e despois colorea a resposta correcta.

Os galos non son agora tan **modernos** **fermosos** como nos tempos da miña nenez.

Os galos hoxe son **verdes** **grises** **brancos**.

As colas como de **esquíos** **colibrí** **galiñas**.

Cando eu era cativo os galos nos **cantaban** **coidaban**.

2.- Como eran as cristas dos galos? Arrodea.

**pequeneiras e moradas**

**grandes e azuis**

**medianas e verdes**

**enormes e amarelas**

**regulares e vermellas**